



## Concello de Sarria

---

### **BASES DA CONVOCATORIA VERÁN DEPORTIVO 2021**

#### **BASE PRIMEIRA.- OBXECTO E PUBLICIDADE.**

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento que rexerá a adxudicación de prazas e formalización de inscricións nas actividades e cursos deportivos que integran o "**verán deportivo 2021**" ofertado polo Concello de Sarria.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Sarria e na páxina web [www.sarria.es](http://www.sarria.es), e anunciaranse nas redes sociais do concello

#### **BASE SEGUNDA.- ACTIVIDADES OFERTADAS.**

##### **1.- CURSOS DE NATACIÓN**

Terán lugar durante os meses de xullo e agosto. Os cursos terán unha duración de 30 minutos, de luns a venres excepto festivos.

As quendas:

1ª Quenda de xullo : do 5 o 16 xullo

2ª Quenda de xullo : do 19 o 30 xullo

1ª Quenda de agosto : do 2 o 13 de agosto

2ª Quenda de agosto: do 16 o 27 de agosto

En quendas serán de media hora, comezando ás 12:30 horas e reamatando as 15:00 horas.

#### **Os horarios a escoller :**

- **12.30-13.00h: nivel Aprendizaxe / Iniciación / Perfeccionamento**
- **13.00-13.30h: nivel Aprendizaxe / Iniciación / Perfeccionamento**
- **13.30-14.00h: nivel Menores de 4 años / Iniciación / Perfeccionamento**
- **14.00-14.30h: nivel Menores de 4 años / Iniciación / Perfeccionamento**
- **14.30-15.00h: nivel Persoas con necesidades especiais / Adultos / Perfeccionamento**

:

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: YACESHF3RN3CE94QYGG5FM79S | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



## Concello de Sarria

---

- o Por quincena e quenda 13,34€. Haberá desconto a partir do segundo irmán cun prezo de 8,89€.
- o Por mes e quenda 26,61€ . Haberá desconto a partir do segundo irmán cun prezo 17,94€.

Así mesmo haberá un curso de natación para mulleres embarazadas os sábados de xullo ou de agosto (a elixir )en horario de 12.30 a 13.00h de caracter gratuíto.

### 2- ACTIVIDADE DEPORTIVA “AVENTURA NO CAMIÑO 2021”

(MAÑÁS DEPORTIVAS PARA IDADES ENTRE OS 12 E OS 17 ANOS ( NADOS DEL 2004 O 2009)

Terán lugar durante os meses de xullo e agosto nas seguintes quendas :

**1ª Quenda : do 5 o 16 xullo**

**2ª Quenda : do 19 o 30 xullo**

**3º Quenda : do 2 o 13 de agosto**

**4º Quenda : do 16 o 27 de agosto**

As actividades que se realizarán dentro da programación“**AVENTURA NO CAMIÑO 2021**”:Rutas de sendeirismo (Camiño de Santiago, Ruta das Aceas) xogos sensoriais (O camiño dos Sentidos: ruta sensorial) , xogos deportivos, Técnicas Vivac e Xeocaching, Xincanas, Multiaventura (orientación, slackline) , búsqueda do tesouro pola Vila, obradoiro mediambiental, actividades acuáticas (kaiak, paddel surf e xogos acuáticos).

Horario: 9:30 horas a 14:00 horas.

Lugar: Instalacións deportivas do Concello de Sarria

Cota: 8,86 € por quenda e actividade.

### **BASE TERCEIRA.- SOLICITUDE E FORMA DE PRESENTACIÓN.**

Os formularios de solicitude de praza para actividades deportivas e cursos de natación, estarán dispoñibles na páxina web [www.sarria.es](http://www.sarria.es) dende o día seguinte a publicación das presentes bases. Así mesmo , estarán dispoñibles en formato impreso na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) ou no rexistro do Concello de Sarria.

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: YACESHF3RN3CE94QYGG5FM79S | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



## Concello de Sarria

---

O formulario de solicitude de praza, debidamente cuberto e asinado pola nai, pai ou persoa que represente legalmente ao menor, deberá presentarse a partir do día á publicación das presentes bases ,en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, no **registro do Concello de Sarria** ou na sede electrónica do Concello de Sarria : **sarria.sedelectronica.es**

**As prazas son limitadas, polo que serán adxudicadas por rigorosa orde de presentación de solicitudes no rexistro do concello o na sede electronica : sarria.sedelectronica.es**

### **BASE CUARTA.- PAGAMENTO DA TAXA.**

O pagamento da taxa correspondente efectuarase mediante a modalidade de ingreso bancario na conta asignada para ese fin. Informarase aos usuarios da aceptación da súa solicitude mediante correo electrónico ou no seu defecto chamada telefónica, e de non materializarse o pago nos 4 días seguintes á comunicación referida , o usuario ou usuaria perderá o dereito á praza. Así mesmo, o usuario deberá remitir ao correo electrónico [omix@sarria.es](mailto:omix@sarria.es) o xustificante de pago antes do comenzo da actividade.

### **BASE QUINTA.- LISTA DE AGARDA.**

As vacantes que se produzan serán ofrecidas ás persoas solicitantes que figuren nas listas de espera correspondentes por rigoroso orde de presentación. Dende a OMIX contactarán, seguindo a orde de lista, coas persoas da lista de agarda mediante chamada telefónica ao número indicado na solicitude.

Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e 14.00 horas. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de espera.

A inscrición estará aberta ata que se cubran as prazas nas diferentes actividades e quendas.

### **BASE SEXTA.- DEVOLUCIÓN DA COTA.**

1. Se unha vez obtida a praza por calquera dos procedementos de adxudicación (directa ou fase de reserva) e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non pode asistir á actividade, só terá dereito á súa devolución nos casos e polas causas seguintes:

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: YACESHF3RN3CE94QYGG5FM79S | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6



## Concello de Sarria

---

- a) Renuncia á praza comunicada por escrito sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos cinco días hábiles antes do inicio da actividade.
- b) Cando por causas non imputables á persoa interesada, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.
- c) Cando se produza ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte a persoa menor e lle impida incorporarse á actividade. Esta causa debe acreditarse con informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresada a persoa menor.
- d) Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata 2º grao por consanguinidade ou afinidade. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar ou co certificado de defunción, de ser o caso.

### **BASE SÉTIMA.- NORMAS DE COMPORTAMENTO E RECOMENDACIÓNS.**

1. A inscrición supón a aceptación e o estrito cumprimento do horario das actividades, das condicións de participación nas mesmas e da normativa Covid vixente en cada momento e transmitida polos correspondentes monitores.
2. A organización dos obradoiros non permitirá ningún tipo de comportamento violento, tanto físico como verbal. Se algún dos participantes dificulta a dinámica no desenvolvemento das actividades en repetidas ocasións (previas advertencias da situación á nai, pai ou representante legal do menor), pode ser susceptible de expulsión segundo determine o equipo de educadores ou os responsables da actividade.
3. Recomendacións:
  - Non levar aos campamentos aparellos electrónicos, videoxogos, móbiles, etc.
  - Levar roupa e calzado cómodo, unha gorra e crema de protección solar por se se realizan actividades no exterior.
  - Non levar diñeiro ou obxectos de valor pois a organización non se fai responsable das perdas ou rompeduras que poidan producirse durante o campamento.
  - Non poden asistir ás actividades os participantes que teñan enfermidades contaxiosas ou que presenten algún dos seguintes síntomas: máis de 37,5º de febre, vómitos ou diarrea, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel ou no caso de ter piollos.





## Concello de Sarria

---

### **BASE OITAVA.- RÉXIME DE RECURSOS.**

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro das presentes bases poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido este prazo, únicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se for o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Documento asinado dixitalmente.

---

**Concello de Sarria**

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: YACESHF3RN3CE94QYGG5FM79S | Corrección: <https://sarría.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



## Concello de Sarria

---

•  
•

---

**Concello de Sarria**

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: YACESHF3RN3CE94QYGG5FM79S | Corrección: <https://sarría.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6